

Normas de funcionamento dos talleres de estética.

Establecerase un turno rotatorio de alumnos auxiliares supervisores , que xunto co profesor vixiará e supervisará a orde , a recollida e a limpeza no taller,que é responsabilidade do grupo, dende a entrada ata a saída das clases.

1. Encargaránse ademais de colocar e vixiar que estean cheos os dispensadores de xabón e de desinfectante .
2. De dispoñer de papel cortado na aula para o que se precise e de algodóns e paños descartables necesarios.
3. Da hixiene e mantemento das alfombrillas de desinfección:
 - Colocaránse polo grupo que sexa o primeiro en entrar todos os luns . ○
 - Rociaránse sempre co desinfectante no cambio de grupo na aula.
 - Limparanse unha vez a semana polo grupo que termine mais tarde todos os venres e quedará secando no chorro de balneación,(no caso do taller 2), ata o luns seguinte.
4. Prepararán a solución diluída desinfectante unha vez a semana ,cando lle corresponda ao grupo.
5. Tamén supervisarán o final da clase que os útiles de limpeza(balde, fregona, basoira, recoxelixo,panos...) sexan depositados limpos no seu sitio,asi como que o vestiario quede valeiro , limpo e desinfectado ou o armario no seu caso .

Inicio das clase:

Toda persoa para entrar na aula deberá seguir as indicacións do chan e desinfectará o seu calzado exterior según as pautas establecidas.

Despois da desinfección do calzado do exterior, procederase a desinfección das mans có desinfectante de pel , existirá un dispensador que funciona co mecanismo a pedal(non e necesario tocalo).

O alumnado cambiarse no vestiario (no caso do taller 2) ou na zona da entrada do taller(no taller 1).Vixiará que o seu calzado de aula ,non arrastre cera cosmética , parafinas , outros cosmético ou lixo, polo que procederá a limpeza exhaustiva das solas do calzado a lo menos ao inicio e ao final da clase.

Unha vez realizado o cambio de vestimenta e calzado recollerá as súas pertenzas na súa mochila, maleta ou macuto e o seu calzado do exterior nunha bolsa de tea ou papel.

- A súa roupa empacarase na súa bolsa de roupa, esta colocase pechada coa súa

percha, no vestiario(no caso do taller2), no armario da entrada (no taller 1).

- As mochilas e calzado exterior na sua bolsa: no vestiario (no taller2),nos estantes baixos do armario (no taller 1).Neste so podrán permanecer na aula as pertenzas de valor .

Apagaránse os telefonos móbiles convintemente desinfectados , e quedarán custodiados na aula , depositaránse na mesa do profesor, se este o determina ,para recollerlos o final das clases coa sua autorización.

Seguidamente realizarase a limpeza con auga e xabón das suas mans e despois secarase , para o que virá preparada coa sua toalla de lavamans.

HIGIENE Y DESINFECCIÓN NOS TRABALLOS PRÁCTICOS

Limparase a piel do modelo da tarefa, con auga e xabón o leite e tónico según proceda e desinfectarase co desinfectante correspondente se se vai tratar zoas de mans ou pes.

Mentras o covid19 non estea superado, os alumnos serán os modelos das tarefas e non realizarán traballos reais sobre persoas alleas, salvo que o profesor do módulo así o determine.

Procurarase o contacto en pequeno grupo, rotando os modelos, , sempre que a tarefa o permita, de acordo co protocolo do traballo práctico.

HIGIENE Y DESINFECCIÓN DE SUPERFICIES:

TABOAS e CARRIÑOS: O final de cada traballo e sempre que sexa necesario na clase ,limparase con auga e xabón , esponxa e pano e posteriormente se secarán con pano seco , deixandolos recollidos os útiles e os panos limpos colgados para o seu secado.

LAVAMANS: limparase con auga e xabón de fora a dentro coa esponxa, aclararánse e secan con pano seco de dentro a fora,

As pias e lavamans deberán quedar limpas, secas e recollidas,

O secado do lavamans despois da sua limpeza ,ao termo da clase, realizarase con pano seco convintemente limpos e que se disporan para o secado.

ESPONXAS, PANOS E BAYETAS se limpan , aclaran e se escurren ben e se colocarán no seu sitio correspondiente para o seu secado.

CHAN: Varearase o final da clase, si hubiera restos cosméticos e sempre que sexa necesario,

pasarase a fregona limpa con limpador (podese utilizar a solución diluída de AB antes de su refugallo diluída en auga),no caso do taller 2 a fregada do chan deberá facerse con limpador específico unha vez acabado limpiarase balde, fregona, basoira, recoxelixo,panos...,e recollerase todos los útiles de limpeza, limpos.

TÉCNICAS DE BALNEACIÓN: *Bañera,chorro,sauna, baño de vapor, ducha,...* A

limpeza correrá a cargo dos alumnos de hidrotermal, para elo utilizarán as esponxillas, bayetas e desinfectantes específicos de cada técnica,que quedarán depositadas no seu sitio limpas e escurridas o terminar o seu uso.

PADIOLAS cubriranse coa sabanilla protectora desechable en cada traballo, o finalizar limparase e secarase , quedarán colocadas e niveladas.

BANO Aula taller2: O baño solo se empregará naquelas actividades nas que o alumnado realice traballo corporal, non se poderá tirar polo inodoro ningún obxeto o material que non sexa o papel hixiénico(non papel de mans, de padiola,, toallíñas, absorbentes,...O contenedor del baño está para recoger ese material) Una vez rematada a clase,comprobarase o baño,si e necesario se pasará a fregona segundo o procedemento descrito con anterioridade.

HIGIENE Y DESINFECCIÓN DE ÚTILES:

o inicialas clases, poñense a funcionar aqueles sistemas que necesiten un tempo de configuración.

Hixiene: todos los útiles e ferramentas limparanse despois do seu uso según proceda.(Auga e xabón,pano húmida, pano seco,...)

Desinfección física: ultravioleta, calor seco según proceda , nunca se deixará no esterilizador o material.

Desinfección química: Unha vez limpo o material , introducirase no **AB DILUIDO o 3%** (cor avermellada)co seu tempo de reposo indicado para bacterias e fungos (a disolución e activa unha seman), aclarar con auga destilada e secar. Este desinfectante usarase solo para útiles ou superficies, no para pel .Tamen poderase utilizar outros limpadores desinfectantes según a sua pauta de uso como a lixivia diluída , tensoactivos catiónicos, alcoholes,...

Selado : Despois da hixiene e desinfección se procederá o precintado dos útiles e se colocarán nas suas bandexas correspondentes.

REMATE DAS CLASES

Unha vez finalizado o proceso se apagan os sistemas de desinfección e selado.

Aqueles útiles que queden húmidos(máscaras, bandas vendas...) non poderán quedar colgados en sitios visibles e será o grupo que las usara responsable de retiralos, levalos, secalos e

devolverlos o día seguinte (según criterio del profesor).

O terminala clase recollerase todo,os aparellos electroestéticos colocados, os armarios pechados, o vestiario baleiro,limpo e desinfectado, os espejos, carriños e táboas limpios , desinfectados e secos, as camillas colocadas e niveladas. Os panos secos limpos e recollidos, os húmidos limpos e dispostos para o seu secado.

De usarse, baleiranse as papleiras pequenas no contenedor grande que ten tapa que deberá ser recollido polo persoal de limpeza do instituto.